# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 41/2006, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 204/2005, do 14 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2005/2006.*

A homologación e validación dos títulos estranxeiros de educación superior vén regulada polo Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, recentemente modificado polo Real decreto 309/2005, do 18 de marzo. A competencia para instruír e resolver os expedientes de homologación foi asignada ao Ministerio de Educación e Ciencia; non obstante, este último real decreto introduciu algunhas modificacións significativas, entre as que cabe destacar a atribución de competencia para homologar a títulos e graos académicos de posgrao aos reitores das universidades.

O Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, establece como tales, o máster e o doutoramento, polo que será competencia dos reitores das universidades do sistema universitario de Galicia ditar unha resolución expresa sobre os expedientes de homologación que se tramiten nas universidades galegas.

Como consecuencia, é necesario establecer un novo prezo público dedicado á solicitude de homologación ao título/grao español de doutor.

Por todo o que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Universidades e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de febreiro de dous mil seis,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modificación do Decreto 204/2005, do 14 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2005/2006.

Engádese un novo prezo no anexo do Decreto 204/2005, na «Tarifa segunda. Avaliación e probas», coa seguinte redacción:

11. Homologación ao título/grao español de doutor: 99 €.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de febreiro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Decreto 42/2006, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo, que pasa a denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.*

O desenvolvemento das ensinanzas artísticas en Galicia, orientado tanto a garantir a formación de futuros profesionais como á formación permanente dos profesionais da escena e doutros eidos da creación escénica e do audiovisual, levou á creación polo Decreto 145/2005, do 2 de xuño, da Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo.

Esta escola está chamada a desenvolver un rol trascendental no referente ás ensinanzas artísticas no ámbito da nosa comunidade autónoma, e polo tanto require que a súa denominación sexa reflexo desta realidade.

Como consecuencia, é necesario establecer unha nova denominación que responda ao seu carácter representativo na formación artística en Galicia.

Por todo o que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1998, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e tres de febreiro de dous mil seis,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modificación do Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo.

O artigo 1 do Decreto 145/2005, do 2 de xuño, pasa a ter a seguinte redacción: créase a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (código 36024586), con sede na cidade de Vigo e adscríbese á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de febreiro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Decreto 43/2006, do 2 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.*

A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 29, establece os criterios en que debe enmarcarse a oferta de emprego público, concibida como instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección de persoal que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 28 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, determina que o Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar, por proposta da consellería competente na materia e co informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, a convocatoria de prazas vacantes que considere que poidan afectar o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A disposición adicional décima primeira da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade de educación, establece que o sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas administracións educativas e o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de educación, dispón, como requisito previo ás convocatorias para provisión de prazas, a publicación polas administracións educativas das respectivas ofertas de emprego.

Polo anterior, e tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo, cómpre a aprobación da oferta de emprego público relativa aos corpos docentes, no ano 2006.

Na súa virtude, consultada a mesa sectorial docente non universitaria, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, e logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dous de marzo de dous mil seis,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo para o ano 2006 nos termos que se establecen neste decreto, e de conformidade co disposto no artigo 29.6º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público

Corpo de mestres: 360.

Corpo de profesores de ensino secundario: 272.

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas: 15.

Corpo de profesores de música e artes escénicas: 39.

Artigo 3º.-Reserva para persoas con discapacidade.

Do total de prazas ofertadas reservarase unha cota do 7% do conxunto delas para ser cubertas por pesoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. A distribución da dita reserva por corpos e especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

Artigo 4º.-Admisión do persoal con discapacidade.

1. Nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. Nas probas selectivas establecerase, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a realización. Nas convocatorias indicarase claramente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a petición concreta na correspondente solicitude de participación.

Para tal efecto os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración competente.

Artigo 5º.-Promoción interna.

Do total de prazas convocadas para o corpo de profesores de ensino secundario reservarase unha cota do 15% para promoción interna. A distribución da dita reserva por especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que